



'Monstruo 16'
© DUVI - UVigo

Pontevedra

'Monstruo 16' ou como facer arte con residuos urbanos

Por Redacción
ás 07:00 do Mércores 3 de Abril, 2024

Álex Fuertes, alumno de doutoramento en Belas Artes, e o artista e profesor da facultade pontevedresa **Ignacio Pérez-Jofre** son os creadores de '**Monstruo 16**', unha instalación de grandes dimensións que se expón no local da **asociación Kentada, na Rúa da Barca**.

A peza está creada con diferentes materiais atopados nas proximidades do local desta asociación, que impulsan egresados da facultade. Ademais, a mostra complétase cunha **proxección para coñecer as quince pezas previas** a este elemento definitivo.

Esas quince pezas realizáronse en espazos abandonados e con materiais procedentes de **residuos desas contornas urbanas**.

Fuertes está a desenvolver unha liña de investigación para a súa tese doutoral, que dirixe o propio Pérez-Jofre. Este traballo permítelle comprobar tanto de maneira práctica como teórica a **utilización dos residuos sólidos urbanos na pintura actual**, segundo recolle o DUVI.

A obra permanecerá no local de exposición ata o **venres 19 de abril**.



'Monstruo 16' no local da asociación Kentada
© DUVI - UVigo